



CONVENIO DE COLABORACIÓN CULTURAL ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE E A ASOCIACIÓN SER PARA O PROXECTO DE REHABILITACIÓN DE EDIFICACIÓNS AUXILIARES E MELLORA DA CONTORNA DA ASOCIACIÓN SER

Dunha parte, Román Rodríguez González, actuando en representación da Xunta de Galicia, en virtude do seu cargo de Conselleiro de Cultura, Educación e Universidade para o que foi nomeado polo Decreto 112/2020, do 6 de setembro de 2020, no exercicio das facultades que lle confire o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia e o artigo 2 da Resolución do 8 de abril de 1991, pola que se publica o acordo do Consello da Xunta de Galicia do 27 de marzo de 1991.

Doutra, Oliver Laxe Coro, presidente da Asociación Ser, actuando no seu nome e representación (CIF G27498211),

Ámbalas partes teñen plena capacidade para levar adiante este convenio e,

MANIFESTAN:

Que as dúas entidades son conscientes da necesidade de actuacións de carácter sociocultural que permitan unha adecuada oferta, co obxecto de satisfacer as necesidades que en materia cultural teñen os habitantes desa zona.

Que a Xunta de Galicia ten atribuídas funcións en materia de fomento da cultura, de acordo co establecido no artigo 27.19º do Estatuto de Autonomía, en consonancia co estipulado no artigo 148.1º.17ª da Constitución Española. Dentro dese ámbito competencial, a Consellería de Cultura, Educación e Universidade vén desenvolvendo dende anos atrás unha serie de actuacións encamiñadas á divulgación, información e promoción da cultura e para achegar o máximo posible o noso patrimonio cultural á sociedade en xeral.

A Consellería de Cultura, Educación e Universidade quere acometer a realización de actividades de promoción e divulgación do patrimonio cultural galego. Mediante a programación das actuacións de recuperación da nosa cultura preténdese acadar unha maior eficacia na consecución destes obxectivos, desenvolvendo actividades culturais e de fomento da cultura en lingua galega.

Con este convenio asegúrase a realización de diversas manifestacións da cultura galega levados a cabo por entidades culturais que queren dar a coñecer a cultura galega, fomentando a intercomunicación na nosa lingua, entre os autores e o seu público, promocionando a nosa cultura dentro e fóra do noso país coa organización de encontros e actividades que permitan un maior coñecemento dela.

A Asociación Ser é unha asociación sen ánimo de lucro, con domicilio no lugar de Vilela, 2, no concello de Navia de Suarna, impulsada polo cineasta galego Oliver Laxe e constituída no ano 2017.

A asociación ten coma obxectivo os seguintes fins:





- A protección e revivificación da aldea de Vilela (parroquia de Santa María de Son, Concello de Navia de Suarna), dos seus montes limítrofes, bañados polos arrosios de Vilela e do Salgueiral, do río Ser ata a súa desembocadura no río Navia, do seu patrimonio arquitectónico e paisaxístico, así como os seus ecosistemas e patrimonio inmaterial.
- Contribuír a frear o despoboamento e favorecer o repoboamento da Comarca dos Ancares no seu conxunto a través de accións que favorezan o seu desenvolvemento económico, social e cultural, de maneira sustentable, inclusivo e respectuoso con medio natural e as formas de vida tradicionais e que melloren a calidade de vida da poboación local.
- Favorecer o desenvolvemento económico da comarca fomentando a posta en valor dos recursos locais: agrícolas, gandeiros, forestais, patrimoniais, paisaxísticos, culturais, turísticos..., a través de accións que fomenten o consumo de proximidade, a economía circular e resalten o valor engadido dos mesmos pola súa contribución á protección do medio natural ou de maneiras de vida tradicional e sustentable.
- Ofrecer un centro ou Asociación que se converta en referencia, a nivel comarcal e autonómico, en materia de desenvolvemento rural e sustentabilidade ecosocial.
- A protección e defensa do medio natural, dos ecosistemas, e da paisaxe, así como das formas de vida e actividades que favorezan a súa conservación, dentro dun marco de Ecoloxía Sustentable a un nivel integral (ecosocial).
- A colaboración con centros educativos da Comarca, así como con entidades sociais, institucións públicas e privadas, que presten servizos á cidadanía para a realización de actividades e colaboracións en consonancia cos fins da asociación, buscando a implicación da poboación, como peza fundamental cunha visión protagónica dos procesos de transformación perseguidos.
- A procura de sinerxías e a colaboración cos diferentes axentes locais e autonómicos (administracións, empresas, asociacións...) e coa veciñanza en xeral, en consonancia cos fins da asociación.

A Asociación Ser quere rehabilitar as edificacións tradicionais sitas na parcela onde está situada a sede da Asociación SER, coñecidas como Cuarto vello e Forno, ademais da contorna do Hórreo, e tamén facer as obras de mellora de peches e acondicionamento para mellorar á accesibilidade e a integración paisaxística de todo o conxunto. Con este proxecto búscase acondicionar un novo espazo para desenvolver a actividade de creación cultural da Asociación Ser.

Por isto, para acadar unha maior eficacia na execución de actuacións, dado o interese común das partes asinantes, que teñen intereses coincidentes, é polo que asinan este convenio de colaboración, de acordo coas seguintes,

CLÁUSULAS





PRIMEIRA.- Obxecto e actuacións

O obxecto deste convenio é establecer as condicións básicas para a colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Universidade e a Asociación Ser para o proxecto de rehabilitación de edificacións auxiliares e mellora da contorna de Asociación Ser, para desenvolver a actividade de creación cultural da Asociación Ser.

TOTAL ORZAMENTO ACTUACIÓNS: 115.876,90 € IVE incluído

Entre as actividades que a Asociación Ser realizará, destacan as seguintes:

A- Obradoiros de Cultura.

Obradoiros de creación relacionados coa arte (poesía, literatura, música, cinema, teatro, etc), e coa artesanía e gastronomía (local ou internacional).

Os alumnos inspiraranse no propio territorio, sendo o diálogo co patrimonio material e inmaterial local e o intercambio coa poboación local os obxectivos principais.

B- Obradoiros de agriCultura:

Obradoiros vencellados ao coñecemento e conservación dos ecosistemas locais e das prácticas construtivas, gandeiras, agrícolas e silviculturas locais: plantas medicinais e aromáticas, plantas silvestres comestibles, pastoreo, apicultura, apiterapia, podado, enxertado e limpeza dos soutos, construción en pedra, construción en palla, micoloxía, etc.

C- Obradoiros de desenrolo interior:

Obradoiros vencellados ao traballo de desenvolvemento persoal e interior: Taichi, Yoga, respiración olotrópica, eneagrama, meditación, astronomía, retiros espirituais, nutricionismo, macrobiótica, xemoloxía, psicoloxía sufi, danza, senderismo... entre outros.

D- A Butaca Rural:

Ademais dos obradoiros a Asociación Ser quere organizar un cineclubes gratuíto que mostre un mínimo de catro filmes ao ano, coincidindo con cada estación do ano, cunha programación especial vencellada ao rural, proxeccións acompañadas de debates dinamizadas polo cineasta Oliver Laxe e por profesionais ou docentes do eido do cinema. O obxectivo principal é ofrecer cultura para os veciños dos Ancares interesados, paliando así as carencias actuais. Intentarase invitar a cineastas que queiran mostrarnos de primeira man os seus traballos.

De acordo co artigo 26 da Lei de Subvencións non é posible promover a concorrência pública para a realización desta actuación, pola necesidade de atender áreas específicas como a que acontece ao proxecto de rehabilitación de edificacións auxiliares e mellora da contorna de Asociación Ser , única con estas características para que as actividades da Asociación se desenvolvan nas mellores circunstancias.

Por todo o anterior é a Asociación Ser a que posúe a especificidade como beneficiaria así como a da actuación subvencionada e o interese social da axuda concedida.





Así mesmo e de acordo coa planificación estratéxica realizada pola Secretaría Xeral de Cultura, para o ano 2021, e dada a especificidade e exclusividade das actividades a realizar baseadas en criterios obxectivos, a sinatura deste convenio encádrase dentro dos previstos nese plan.

SEGUNDA.-Obrigas da Asociación Ser

A Asociación Ser comprométese, pola súa parte, a facer constar en toda a publicidade que xeren estas actividades -tanto impresa coma audiovisual- a colaboración Xunta de Galicia, utilizando a normativa da imaxe corporativa da Xunta de Galicia. Así mesmo comprométese ao cumprimento das obrigas contidas na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e en especial as recollidas no artigo 11 desta norma. Tamén será de aplicación o establecido no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, en canto non se opoña á lexislación anterior. Con carácter supletorio será de aplicación o disposto na Lei 38/2003 Xeral de Subvencións e no seu regulamento, aprobado polo Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo.

A beneficiaria deberá dar cumprimento as obrigas de publicidade que se establecen no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, modificado polo artigo 30 da Lei estatal 15/2014, do 16 de setembro, de racionalización do sector público e outras medidas de reforma administrativa.

A beneficiario ten a obriga de prestar colaboración e facilitar canta documentación lle sexa requirida no exercicio das funcións de control que lle corresponden á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma e ao Consello de Contas.

A Asociación Ser deberá presentar certificacións acreditativas do cumprimento das obrigas tributarias, coa Seguridade Social e de non ter pendente de pagamento débedas coa Administración pública da comunidade autónoma.

A sinatura deste convenio implica, de ser o caso, a autorización á Consellería de Cultura, Educación e Universidade para solicitar as certificacións acreditativas de que se atopa ao corrente das obrigas tributarias estatais e autonómica e da seguridade social, así como que non ten pendente de pagamento ningunha outra débeda, por ningún concepto coa Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia, de acordo co establecido no Regulamento (UE) 2016/679 de protección de datos, na Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, disposición adicional cuarta da Lei 40/1998, de 9 de decembro, do imposto sobre a renda das persoas físicas e outras normas tributarias, e demais disposicións de aplicación.

A Asociación comprométese a destinar os fondos percibidos ao obxecto concreto para o que foron concedidos. A Consellería de Cultura, Educación e Universidade poderá comprobar, cando o considere pertinente, a execución das actividades obxecto deste convenio.

TERCEIRA.- Financiamento





A Consellería de Cultura, Educación e Universidade comprométese a aboar a Asociación Ser a cantidade de 85.000,00 €, con cargo á aplicación orzamentaria 10.40.432B.781.1, código de proxecto 2015 00372.

Esta cantidade, 85.000 €, trátase dun importe certo, quedando por conta da beneficiaria a diferenza de financiamento necesario para a total execución da actividade subvencionada, debendo ser reintegrado o financiamento público unicamente no caso e polo importe que supere o custo total e real da actuación, segundo o establecido no artigo 21.2 do Regulamento de subvencións de Galicia.

No caso de que a xustificación dos gastos sexa inferior ao importe do convenio fixado na cláusula primeira (115.876,90 €), a achega da Consellería de Cultura diminuírase proporcionalmente.

No caso de que a Asociación solicite pagamentos anticipados segundo o disposto no artigo 63 do Regulamento de subvencións de Galicia, poderán concederse anticipos ata un importe máximo de 18.000 €.

A Asociación tamén poderá solicitar pagos á conta, consonte o artigo 62 do Regulamento de subvencións de Galicia, que responderán ao ritmo de execución das actuacións subvencionadas aboándose pola contía equivalente á xustificación presentada.

O importe conxunto de pagos á conta e dos pagos anticipados que se concedan non poderá exceder de 18.000 €.

O artigo 65.1 do Regulamento de subvencións de Galicia establece que os beneficiarios están obrigados á constitución de garantías cando se prevexa a posibilidade de realizar pagamentos á conta ou anticipados; o artigo 65.4.i) recolle que quedarán exonerados da constitución de garantía os beneficiarios das subvencións concedidas cando os pagamentos non superen os 18.000 €.

No caso de que a Asociación solicite pagamentos anticipados deberá presentar unha memoria xustificativa e económica na que se recollan as actuacións que ten previsto realizar co custo das actividades.

CUARTA. Xustificación.

A xustificación do cumprimento das condicións impostas e do seu custo deberá levarse a cabo de acordo co previsto nos artigos 28 e seguintes da Lei 9/2007. A data tope de presentación da documentación xustificativa da actividade e, no seu caso, da xustificación dos gastos que restasen por aboar ata acadar o 100% da contía concedida é o 30 de novembro de 2021.

A documentación requirida na fase xustificativa presentarase electronicamente na Carpeta do cidadán da persoa solicitante/representante, <https://sede.xunta.es/carpeta-do-cidadan>.

A Asociación presentará electronicamente a xustificación da subvención, coa data límite establecida e incluirá a seguinte documentación:

- Unha memoria de actuación xustificativa do cumprimento das condicións obxecto deste convenio, con indicación das actuacións realizadas e dos resultados obtidos.





- Unha memoria económica xustificativa do custo das actuacións realizadas que conterá:
 - ✓ Unha relación clasificada dos gastos e investimentos da actuación, con identificación do acredor, do importe, data de emisión e data de pagamento.
 - ✓ As facturas ou documentos de valor probatorio equivalente incorporados na relación a que se fai referencia no parágrafo anterior e a documentación acreditativa do pagamento.
 - ✓ As certificacións de obra.
- Unha relación detallada, se é o caso, doutros ingresos ou subvencións que financiasen a actividade subvencionada con indicación do importe e a súa procedencia. No caso de non ter solicitado e/ou non ter recibido outros ingresos ou subvencións que financiasen a actividade subvencionada, deberán de presentar unha declaración responsable neste sentido.
- Acta de recepción.

A presentación desta información é requisito imprescindible para a tramitación do pagamento, devolvendo toda xustificación que non o cumpra.

De conformidade co previsto na Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, a efectos desta xustificación consideraranse os gastos realizados durante o ano 2021, dende o 1 de xaneiro ata a data tope de xustificación da axuda, que respondan á natureza da actividade subvencionada.

En todo o relativo aos gastos subvencionables deberá cumprirse o disposto no artigo 29 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (modificado pola Lei 12/2011, do 26 de decembro, de medidas fiscais e administrativas).

No caso de que a entidade concerte con terceiros a execución total ou parcial da actividade obxecto do convenio, estarase ao disposto no artigo 27 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia e na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público.

No caso de que a Asociación non xustifique ou a xustificación sexa insuficiente, procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia do xuro de demora correspondente dende o momento do pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro.

De acordo co disposto no artigo 30.2 da lei 9/2007, de subvencións de Galicia, as actuacións obxecto do convenio estarán sometidas á comprobación explícita da súa realización por parte dos servizos técnicos da Xunta de Galicia.

Cando a actividade fose financiada ademais de con esta subvención con fondos propios ou con outras subvencións ou recursos, deberá acreditarse na xustificación o importe, a procedencia e a aplicación de tales fondos ás actividades subvencionadas. O importe das subvencións en ningún caso poderá ser de tal contía que illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, ingresos ou recursos, supere o custo da actividade subvencionada. En caso de superar procederá o





reintegro do exceso obtido sobre o custo da actividade subvencionada así como a esixencia do xuro de demora correspondente.

QUINTA.- Comisión de seguimento

Créase unha comisión mixta de seguimento para aclarar as dúbidas derivadas da interpretación e execución do presente convenio, formada polo secretario xeral de Cultura, da Consellería de Cultura, Educación e Universidade, e polo presidente da Asociación Ser.

SEXTA.- Causas de resolución

O incumprimento de calquera das cláusulas deste convenio constituirá causa suficiente para a súa rescisión, e así mesmo procederá o reintegro da subvención cando concorra algunha das causas previstas no artigo 33 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia.

SÉTIMA.- Publicidade

As partes asinantes deberán cumprir coas obrigas derivadas da entrada en vigor da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno. Para tal fin, as partes aceptan que o texto do convenio se publique no Portal de Transparencia e Goberno Aberto da Xunta de Galicia incluíndo os datos identificativos das persoas asinantes.

Así mesmo, a Asociación acepta e consinte a remisión do convenio, logo da súa sinatura, ao Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.

De acordo co establecido no artigo 30 da Lei estatal 15/2014, do 16 de setembro, de racionalización do sector público e outras medidas de reforma administrativa, que introduciu diversas modificacións na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, o contido deste convenio será publicado na Base de Datos Nacional de Subvencións, nos termos recollidos no artigo 20 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, modificado polo artigo 30 da Lei estatal 15/2014, do 16 de setembro, de racionalización do sector público e outras medidas de reforma administrativa.

Así mesmo, será obxecto de publicidade no Rexistro de Axudas, Subvencións e Convenios, ao abeiro do disposto no decreto 126/2006, do 20 de xullo e no decreto 132/2006, do 27 de xullo.

OITAVA- Protección de datos de carácter persoal e garantía dos dereitos dixitais

As partes asinantes comprométense a cumprir, en todo momento, as disposicións contidas na normativa básica estatal e autonómica que xustifica a lexitimidade do tratamento dos datos persoais e dereitos dixitais.

Na aplicación deste convenio respectaranse cantas esixencias establece o Regulamento UE 679/2016 xeral de protección de datos e a Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro (BOE 06/12/2018) de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, adoptando cantas medidas resulten necesarias para cumprir as súas previsións e, en particular, para garantir a seguridade e integridade dos datos persoais e dos dereitos dixitais e, a súa protección fronte alteracións, perdas, tratamentos ou accesos non autorizados.





Serán de aplicación todos os dereitos e obrigas derivados da normativa aplicable en materia de protección de datos e garantía dos dereitos dixitais.

NOVENA.- Vixencia

O período de vixencia deste convenio será dende a súa sinatura e ata o 31 de decembro de 2021, sen prexuízo de que se subvencionen as actividades realizadas dende o 1 de xaneiro de 2021.

DÉCIMA.- Administración dixital

As partes asinantes deste convenio respectarán cantas esixencias establece a Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia (DOG 26 de xullo de 2019), que será aplicable ao sector público autonómico, integrado, de acordo co artigo 3 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral do sector público autonómico de Galicia, pola Administración xeral e polas entidades instrumentais e, tamén, será aplicable á cidadanía que ten o deber de utilizar os servizos públicos dixitais que se poñan a súa disposición de xeito adecuado, co respecto das normas de uso, xerais ou específicas, que se establezan para cada un dos servizos e, en particular, os cidadáns e as cidadás deberán utilizar os sistemas de identificación e de sinatura electrónicas de que sexan lexítimos titulares, usar a información dispoñible conforme a política de privacidade publicada e respectar a normativa en materia de protección de datos de carácter persoal (artigos 2 a) e b) e 7 apartados 1 e 2 respectivamente da citada lei).

DÉCIMO PRIMEIRA.- Xurisdición

En todo o non previsto no presente convenio será de aplicación a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e a súa normativa de desenvolvemento. Aplicarase con carácter supletorio a Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

Será de aplicación a Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

Este convenio ten natureza administrativa. A xurisdición contencioso-administrativa será a competente para o coñecemento de posibles cuestións litixiosas que poidan suscitarse como consecuencia del.

DÉCIMO SEGUNDA.- Notificación electrónica

Segundo o artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, os colectivos que están obrigados a relacionarse a través de medios electrónicos coas administracións públicas, e polo tanto, a recibir notificacións por canles electrónicas son: as persoas xurídicas, as entidades sen personalidade xurídica, os colexios profesionais, os que representen un interesado que estea obrigado a relacionarse electronicamente coa Administración e, os empregados das administracións públicas para os trámites que realicen con elas por razón da súa condición de empregado público.

As notificacións realizaranse só por medios electrónicos a través do Sistema de Notificación Electrónica de Galicia Notific@, <https://notifica.xunta.gal>. Para poder acceder a unha notificación electrónica, o interesado deberá contar cun certificado electrónico asociado ao NIF que figure como





destinatario da notificación (persoa física ou xurídica). Así mesmo, o interesado pode autorizar a calquera outra persoa a acceder ao contido das súas notificacións.

Ao estaren as dúas partes conformes co pactado, asinan telematicamente este convenio.

O O conselleiro de Cultura, Educación e Universidade

Polo presidente da Asociación Ser

Román Rodríguez González

Oliver Laxe Coro

